

EXPEDIENTE:	2024/00002826C
PROCEDIMENTO:	Axudas sociais ao persoal municipal

As normas de xestión das axudas sociais ó persoal ao servizo do Concello de Santiago de Compostela, foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 7 de abril de 2017, modificadas por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 7 de marzo de 2022, e publicadas na súa integridade no BOP da Coruña número 48, do 11 de marzo do 2022.

Consta no expediente informe favorable da xefatura de Servizo de Recursos Humanos e Avaliación de data 13 de febreiro de 2024.

Consta no expediente documento contable núm. 220240000896 por importe de 400.000 €, o que acredita a existencia de crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria 030 9200 1620400.

O artigo 7 das normas de xestión de axudas ao persoal municipal, indica que: “O Concello de Santiago, mediante convocatoria específica abrirá o prazo de solicitude de axudas sociais no primeiro trimestre de cada ano. Especificamente no que se refire ás axudas para familiar a cargo con discapacidade, a solicitude de subvención poderá presentarse en calquera momento do ano, ao abeiro do establecido no presente Regulamento.”

A proposta foi fiscalizada pola intervención municipal en data 28/02/2024, con nº de referencia 2024/166 e con resultado Fiscalización de conformidade.

Tendo en conta as competencias sinaladas na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o decreto de Alcaldía do 17 de xuño de 2023 polo que se nomean as Concellarías delegadas, e o acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de xuño de 2023 de delegación de competencias, PROPOÑO que o Concelleiro delegado de Economía, Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local resolva:

Primeiro: Autorizar o gasto para facer fronte ao gasto correspondente ás axudas sociais ao persoal municipal para o ano 2023 por un importe de 400.000 €, para todo o cal existe crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria 030 9200 1620400, do orzamento municipal para o exercicio 2022, prorrogado para o ano 2024.

Segundo: Aprobar a seguinte convocatoria de axudas por gastos de familiar a cargo con discapacidade, escola infantil, atención á saúde, estudos, compra de vivenda, acceso ás instalacións deportivas municipais, gastos de aparcadoiro ou transporte público, manutención para persoal que presta servizos 24 horas ininterrompidas e obtención e renovación dos permisos de conducir, para o persoal municipal, que se rexerá polas normas de xestión de axudas sociais ao persoal do Concello de Santiago de Compostela aprobadas en sesión do 7 de marzo de 2022.

A contía das distintas axudas é a aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 7 de marzo de 2022.

1.- Persoal beneficiario.

Para poder optar a calquera das axudas reguladas nesta convocatoria, será condición indispensable prestar servizos no Concello de Santiago de Compostela como persoal funcionario ou laboral con praza en propiedade, ou nomeamento de funcionario interino ou contratado laboral indefinido ou temporal, cos requisitos que para cada unha das axudas se conteñen nas normas de xestión ás que se fixo mención. Especificamente, para as axudas por compra de vivenda, obtención e renovación de permiso de conducir, e determinadas axudas para atención á saúde, será condición indispensable ter praza en propiedade no Concello (persoal funcionario de carreira ou laboral fixo).

2.- Ámbito da convocatoria.

A presente convocatoria abrangue a subvención dos gastos soportados polo persoal municipal correspondente a:

***Familiar a cargo con discapacidade:** ano 2023 (novas declaracións ou renovación das declaradas con anterioridade).

***Escola infantil:** gastos efectuados no período setembro 2022 – agosto 2023.

***Atención á saúde:** gastos efectuados no ano 2023.

***Estudios:** correspondentes ao curso académico 2023-2024.

***Vivenda:** adquirida con posterioridade á publicación do vixente Acordo regulador Convenio colectivo (BOP do 03/02/2010).

***Acceso ás instalacións deportivas municipais:** gastos efectuados no ano 2023.

***Obtención e renovación dos permisos de conducir:** gastos efectuados no ano 2023.

***Axudas por gastos de aparcadoiro ou uso de transporte público:** gastos efectuados no ano 2023.

***Axudas de manutención para o persoal que preste servizos 24 horas ininterrompidas:** quendas realizadas no ano 2023.

3.- Presentación de solicitudes.

Prazo e forma de presentación

O prazo de presentación de solicitudes comeza na data de publicación da convocatoria na tableiro electrónico municipal e remata o día 1 de abril de 2024, ás 23:59 horas.

Na sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela están a disposición de todo o persoal interesado os impresos normalizados de solicitude que deberán ser

cubertos polas persoas interesadas, facendo constar o tipo de subvención que se solicita. No caso de presentación pola persoa interesada de varias solicitudes de axuda nas que se requira a mesma documentación, esta presentarase unicamente nunha das solicitudes, indicando nas sucesivas, a que axuda se refire a solicitude na que aportou a documentación.


No relativo ao **apartado X de axudas por gastos de aparcadoiro ou uso de transporte público**, cómpre indicar os seguintes extremos:

Ademais dos xustificantes a achegar, que establecen as normas de xestión, as persoas solicitantes deberán xuntar declaración xurada conforme os gastos se corresponden coas entradas e saídas ao traballo efectuadas, así como a especificación da suma total da cantidade gastada, segundo modelo que se achega coa convocatoria, sen prexuízo do réxime de sanción en que poderán incurrir, no suposto de falsidade na devandita declaración, logo da comprobación aleatoria que realizará o Servizo de Recursos Humanos e Avaliación na tramitación.

As solicitudes presentaranse a través da sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela, na seguinte ligazón:

<https://sede.santiagodecompostela.gal/> e seleccionando as seguintes:

- Catálogo de trámites
- Unidade tramitadora: C01.06 XESTIÓN DE PERSOAL • Medio de presentación: REXISTRO ELECTRÓNICO



- Trámite a seleccionar: "Axudas sociais ao persoal municipal"

Xuntarase a documentación que para cada caso se especifique. En caso de non achegar a documentación necesaria requirirase ás persoas interesadas para que a presenten nun prazo non superior a 10 días.

De non facelo considerárase que renuncian á solicitude.

Serán rexeitadas todas as solicitudes presentadas fóra de prazo ou por outro medio que non sexa a sede electrónica.

Todo o persoal interesado que o necesite disporá de apoio para a presentación das súas solicitudes no Servizo de Recursos Humanos e Avaliación e tamén na Oficina de asistencia en materia de rexistro.

4.- Consignación orzamentaria.

No orzamento do ano 2022, prorrogado para o exercicio 2024 por Decreto núm. 2023/16288, do concelleiro de Economía de data 29/12/2023, existe crédito axeitado e suficiente, segundo documento contable RC número 220240000896 por importe de 400.000 euros, para atender ás subvencións definidas na presente convocatoria con cargo á aplicación orzamentaria de acción social 030 92000 1620400.

5.- Contía das subvencións.

A contía das subvencións serán as que para cada caso se indican no cadro de prezos anexo ás normas de xestión das axudas sociais ao persoal do Concello de Santiago de Compostela, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 7 de marzo de 2022, e publicado no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 48, do 11/03/2022.

6.- Tramitación.

O Servizo de Recursos Humanos e Avaliación de será o encargado de realizar todos os trámites previos necesarios para resolver as solicitudes de axudas.

7.- Resolución.

A concesión das axudas definidas na presente convocatoria corresponderá á Xunta de Goberno Local, ou concelleiro/a con competencias delegadas por ela, que deberá resolvelas nun prazo máximo de tres meses, contados desde o remate do prazo de presentación de solicitudes, consonte á proposta da que se dará conta á Mesa Xeral de Negociación.

8.- Pagamento.

O pagamento das subvencións reguladas neste documento farase efectivo mediante mandamento de pago, podendo ser incluídas na nómina do solicitante cando a normativa vixente así o dispoña, nun prazo non superior a un mes dende a data de resolución.